

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 22 de xullo de 2016**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**Invitados**

D. Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e dez minutos do día vinte e dous de xullo de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(767).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(768).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS, EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE COMESAÑA E MEIXOEIRO. EXPTE. 14667/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, con data 19.07.16, que di o seguinte:

*A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 15 de xullo de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

*4.- Proposta de clasificación*

a) Procedemento aberto das obras de mantemento e reparación dos campos de fútbol municipais de Comesaña e Meixoeiro (2 lotes) (expediente 14.667-333)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir do procedemento aberto para a contratación das obras de mantemento e reparación dos campos de fútbol municipais de Comesaña e Meixoeiro (2 lotes) (expediente 14.667-333), por ter presentado ofertas con valores anormais ou desproporcionados, aos seguintes licitadores:

Lote 1:

- INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES SL
- CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS SL
- NAROM, SL

Lote 2:

- ORESA, SL
- INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES SL
- CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS SL
- CONSTRUCCIONES FECHI SLU
- COPCISA SA

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

LOTE Nº 1: “Reparación e mantemento no campo de fútbol de Comesaña”:

	Empresas	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	95,96
2	COPCISA, S.A.	93,00
3	ACEVI, S.L.	87,10
4	MONTAJES IGLESIAS, S.L.	85,99
5	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	85,55
6	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	84,78
7	ORECO SA	81,22
8	CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ S L	80,15
9	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	75,50
10	CIVIS GLOBAL	60,84

LOTE Nº 2: “Reparación e mantemento no campo de fútbol do Meixoeiro”:

	Empresas	Puntuación
1	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	95,17
2	CIVIS GLOBAL	94,61
3	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	94,00
4	ACEVI, S.L.	93,67
5	NAROM, S.L.	92,36
6	MONTAJES IGLESIAS, S.L.	92,21
7	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	90,76
8	CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ S L	83,51
9	ORECO SA	82,31

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
10	MECANO SPORT S L	69,03

*Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. (lote 1) e DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 739,22 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(769).- SOLICITUDE DO CONCELLO DE REDONDELA DE AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN DE SUBSOLO PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO EN COTAREL. EXPTE. 3938/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de xestión da Área de Fomento, do 21.07.16, conformada polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos da Área de Fomento, que di o seguinte:

#### *I.- ANTECEDENTES DE FEITO*

*1.- En data 26 de maio de 2016 tivo entrada no Rexistro do Concello de Vigo escrito presentado polo Ilmo. Sr. Alcalde do Concello de Redondela solicitando se conceda a precetiva autorización para execución de acometidas de saneamento en Cotarel.*

*Ao citado escrito acompaña Memoria valorada das obras de mellora da rede de Saneamento en Cotarel de Augas de Galicia (Xunta de Galicia) redactada polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Alberto Puig González. A mesma contén a seguinte documentación:*

- Memoria*
- Planos de situación*
- Orzamento de execución material*

*2.- No expediente foron emitidos os seguintes informes.*

- Informe de data 1 de xuño de 2016 da Concesionaria de Xestión de Servizo de abastecemento de augas do Concello de Vigo FCC-Aqualia, favorable á solicitude, nas condicións establecidas no mesmo.*

- Informe de data 15 de xullo de 2016 o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos D. Jorge Muñoz Rama e polo Xefe da Área de Fomento D. Álvaro Crespo Casal, tamén favorable no mesmo senso.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A realización das obras solicitadas implican un uso común especial do dominio público, configurándose este como aquel que sin impedir o uso común, supón a concurrencia de circunstancias tales como a peligrosidade o intensidade do mesmo (...) que determinan un exceso de utilización sobre o uso que corresponde a todos ou un menoscabo deste (artigos 85 LPAP e 75.1.b RBEL)

Segundo.- É regra no noso dereito a necesidade de título habilitante, outorgado pola autoridade competente, para a ocupación de bens de dominio público ou para a súa utilización en forma que exceda o dereito de uso que corresponde a todos (artigo 84 LPAP), como acontece no presente caso.

Terceiro.- O artigo 77 de RBEL establece que o uso común especial normal suxetarase a licenza axustada á natureza do dominio, aos actos da súa afectación e paertura ao uso público e aos proceptos de carácter xeral. En definitiva, a autorización ou licenza demanial para este tipo de usos se otorga xereralmente de modo discrecional, xa que se trata dun acto que a administración non te a obriga de conceder e “en precario” porque en puridade non otorga ningún dereito subxetivo sendo revocable pola propia administración en calquera momento por razóns de interese público debidamente xustificadas.

Por último, esta autorización non pode otorgarse por tempo indefinido contando cun límite máximo de 99 anos según estable o artigo 79 do RBEL (xa que o apartado 4 do artigo 92 da LPAP que o reduce a 4 anos non ten carácter básico). En todo caso o artigo 91.4 da LPAP establece que as autorizacións e concesións que habiliten para a ocupación de bens de dominio público que sexan necesarios para a execución dun contrato administrativo serán otorgados pola administración que sexa titular e se considerarán accesorias de aquel, polo que estarán vinculadas a dito contrato a efectos do seu outorgamento, duración e vixencia (...).

Cuarto.- No presente caso os terreos onde se pretenden realizar as obras son titularidade do Concello de Vigo, pero están situados no termo municipal de Redondela. Por todo elo no corresponde a este Concello a autorización das obras (licenza ou aprobación do proxecto) xa que tal e como se establece no artigo 12 da LBRL é no termo municipal -neste caso Vigo- onde o Concello exerce as súas competencias. Tan só corresponde a autorización do uso común especial do dominio público.

Quinto.- Competencia.- Resulta competente para o outorgamento da autorización administrativa, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexilativo 3/2011 de 14 de novembro que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

## III.- PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Autorizar ao Concello de Redondela á ocupación do subsolo para o aproveitamento especial do mesmo, que se delimita nos planos da memoria valorada elaborada para a execución das obras “mellora da rede de saneamento en Cotarel, Redondela” redactada polo Enxeñei-

ro de Camiños, Canais e Portos D. Alberto Puig González, por conta de Augas de Galicia, ao obxecto de instalar un colector para a rede de saneamento.

Segundo.- A referida autorización concédese baixo as seguintes condicións:

1ª.- As obras deberán executarse axustándose ao establecido na citada memoria valorada e so poderán ocupar a porción de dominio público que figura na mesma.

2ª.- A autorización para a ocupación do subsolo concédese en precario e sen dereito a indemnización no caso de que revocase por calquera razón de interese público; e a súa duración será a mesma da do contrato ao que se vincula sen que poda exceder de 99 anos.

3ª.- Ademais e de conformidade co establecido nos informes técnicos municipais a autorización queda suxeta tamén ás seguintes condicións:

a.- A canalización deberá instalarse preferentemente en paralelo ao Canal evitando no posible os cruces, e sempre a unha distancia de seguridade que impida calquer dano no mesmo e permita realizar os traballos de reparación e mantemento. Queda prohibida calquera en paralelo no mesmo plano vertical que o do Canal.

b.- Si fose necesario realizar cruces sobre a xeneratriz exterior do Canal, estes executaranse a unha distancia de seguridade con tubo enterizo, sen unións nin conexións, evitando en todo momento que a maquinaria pesada traballe sobre o Canal. En ningún caso, a tubería poderá cruzar a sección útil do Canal.

c.- Notificarase á concesionaria FCC-Aqualia a data de inicio das obras coa antelación suficiente para que poida efectuar a supervisión das mesmas dende o seu inicio, e aos servizos técnicos da Área de Fomento do Concello de Vigo así como o facultativo Director das obras e o Coordinador de Seguridade e Saúde.

d.- Atenderanse en todo momento, as intrucións e criterios constructivos indicados polo persoal da concesionaria FCC-Aqualia durante a execución das obras, no que poidan afectar á condución xeral do abastecemento de Vigo.

e.- O solicitante será responsable dos danos e prexuízos que poidan producir no Canal e nos elementos constructivos da traza con motivos das obras.

f.- Deberanse realizar obras de estanqueidade no colector instalado, entregándose os resultados á concesionaria FCC-Aqualia.

g.- A distancia mínima de separación entre o Canal e as distintas conduccións, medidas entre xeneratrices exteriores, será 50cm. para auga e saneamento e de 100cm. Cando sexan en paralelo.

4º.- A presente autorización otorgase sen prexuízo da solicitude e obtención dos demais permisos, autorizacións e licenzas legalmente necesarias para a execución das citadas obras.

O presente acordo notifíquese ao Concello de Redondela, ofrecéndello os recursos que legalmente proceda.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(770).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO ANEXO Nº 1 AO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA AVDA. DE GARCÍA BARBÓN. FASE 1. EXPTE. 3262/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de xestión da Área de Fomento, do 21.07.16, conformada polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos da Área de Fomento, que di o seguinte:

Nº Expediente	Expte. 2566/440 (Obra de renovación de redes de abastecemento e saneamento na Avda. García Barbón)
Situación da obra	Avda. García Barbón
Redactor do proxecto	D <sup>a</sup> . Trinidad López Rodríguez
Dirección facultativa	D. Álvaro Crespo Casal e D. Jerónimo Centrón Castaños
Adxudicatario/ Contratista	AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA.
Autor do Anexo nº 1 ao Plan de Seguridade e Saúde no Traballo	D. Miguel Ángel Paya González
Coordinador de Seguridade e Saúde durante a execución da obra	D <sup>a</sup> . Rebeca Galiñanes Fernández
Plazo execución obra	6 meses
Órgano ao que se dirixe a proposta	Xunta de Goberno Local

**ANTECEDENTES**

1º.- A Xunta de Goberno Local en data 14 de agosto de 2014 acordou:

“Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a “RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA AVDA. GARCÍA BARBÓN” considerado de urxencia e execución inaprazable.

2º.- A Xunta de Goberno Local en data 25 de novembro de 2014 acordou:

“Aprobar o proxecto de RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN AVDA. GARCÍA BARBÓN, FASE 1, cun orzamento de base de licitación de 2.027.463,88 € (Ive excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

3º.- En data 28 de novembro de 2014 D<sup>a</sup>. Rebeca Galiñanes Fernández coordinadora de seguridade e saúde durante a execución da obra de referencia segundo nomeamento municipal de data 3 de decembro de 2014, informa favorablemente o citado Plan de Seguridade e Saúde, elaborado pola contratista, sendo o redactor do mesmo D<sup>a</sup>. Trinidad López Rodríguez.

4º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 3 de decembro de 2014, entre outros asuntos acordou aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e dar conta do Plan de Xestión de Residuos para a obra “Renovación das redes de abastecemento e saneamento na Avda. García Barbón. Fase I”.

5º.- A contratista AQUALIA presenta anexo nº 1 ao Plan de Seguridade e Saúde, para "utilización de máquina perforadora e intibación para zanja profunda".

## FUNDAMENTOS

Primeiro.- O artigo 7 do Regulamento do RD 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción regula o referente aos Plans de Seguridade e Saúde (RDPSS) Así obriga a que cada contratista elabore un plan de seguridade e saúde no traballo. No punto 2 do citado artigo establécese que no caso de obras das Administracións públicas, o plan de seguridade e saúde, co correspondente informe do coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, se elevará para a súa aprobación pola Administración Pública que teña adxudicado a obra.

O mesmo xa foi aprobado como se indica nos antecedentes pola Xunta de Goberno Local na sesión do 3 de decembro de 2014.

Segundo.- O artigo 7.4 do RDPSS establece que o plan de Seguridade e Saúde poderá ser modificado polo contratista en función do proceso de execución da obra, da evolución dos traballos e das posibles incidencias ou modificacións que poidan xurdir ao longo da obra, pero sempre coa aprobación expresa nos termos do apartado 2.

O citado artigo 7.2 establece que no caso de obras das Administracións públicas o plan, co correspondente informe do coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, elevarase para a súa aprobación á Administración pública que teña sido adxudicataria da obra.

Terceiro.- Consta no expediente informe favorable da coordinadora de seguridade e saúde durante a execución da obra ao anexo nº 1 ao Plan de Seguridade e Saúde no traballo presentado polo que o citado plan debe ser aprobado polo órgano competente do Concello de Vigo.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, conforme o previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08.03.2013 onde se aprobou a ordenación do Procedemento de Contratación a seguir nas obras con cargo ao referido Plan de Investimentos.

## PROPOSTA

1. Aprobar o Anexo nº 1 ao Plan de Seguridade e Saúde no Traballo para a execución das obras de "RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NA AVDA. GARCÍA BARBÓN. FASE I" (exp.: 2566/440) presentado pola contratista AQUALIA, redactado por D. Miguel Ángel Paya González e informado favorablemente en data xuño de 2016 pola Coordinadora de Seguridade e Saúde designada polo Concello.
2. Deberá constar un exemplar do Anexo nº 1 ao Plan de Seguridade e Saúde no Traballo na obra en poder do contratista ou persoa que o represente, a disposición da dirección facultativa e demais autoridades competentes en cada unha das materias.
3. O plan unha vez aprobado pasará a formar parte dos documentos contractuais da obra.

O presente acordo notifíquese ao contratista e demais persoas con responsabilidade nas materias obxecto deste plan.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(771).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA BEIRARRÚA DA AVDA. DE CASTELAO, ENTRE RÚA REDONDELA E RÚA PORRIÑO”. EXPTE. 3956/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos do 8/07/16 e 21/07/16, e o informe de fiscalización do 22.07.16, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, do 21.07.16, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### *I.- Antecedentes.*

*I.- A inversión vinculada o presente expediente atópase incluída no ámbito da modificación de créditos orzamentarios, número 16/2016, que ten por finalidade aplicar o superávit orzamentario correspondente ao ano 2015, e como suxeita á condición de que tal investimento debe respetar o principio de que sexa financeiramente sustentable ao longo da súa vida útil, polo tanto cumprir as previsións establecidas na D.A. 16ª do TRLRFL.*

*II.- A Xunta de Goberno Local en data 10 de xuño de 2016, acordou aprobar o proxecto presentado por ESTUDIO ZUBIA INGENIEROS, en execución do contrato, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Javier Zubía Fernández, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de DOUSCENTOS CINCUENTA MIL EUROS (250.000 EUROS).*

*Para a execución destas obras, procédese de acordo coa orden de inicio do Concelleiro delegado da Area de Fomento de data 20 de xuño de 2016, a dar inicio do correspondente expediente de contratación.*

*No expediente inclúese a seguinte documentación:*

*–O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do 10/06/2016, así como acordo da XGL de corrección de erros de data 15 de xullo de 2016, correspondese co expediente administrativo 3.219/443.*

*–Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal Jerónimo Centrón Castaños con data 21 de xuño de 2016.*

*–Prego de prescricións técnicas particulares atópase, no proxecto redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Javier Zubía Fernández.*

*–Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral Ángela Fenández López e a Xefa do Servizo de Contratación Beatriz Barbará Rodríguez, de data 29 de xuño de 2016.*

*–Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 8 de xullo de 2016.*

*–Dilixencia da Oficina de Intervención de data 20 de xullo, para rectificar PCAP no seu apartado 6.B das FEC.*



*–Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, rectificado según diligencia de Intervención, de data 20 de xullo de 2016.*

*–Diligencia de Asesoría Xurídica de data 21 de xullo de 2016, mantendo a validez do informe xurídico de data 8 de xullo de 2016.*

## II.- Condicións definitorias do contrato.

*Destacan as seguintes:*

### 1.- Obxecto e cualificación xurídica do contrato

*O obxecto do presente expediente contempla a contratación das obras previstas no proxecto HUMANIZACIÓN DA BEIRARRÚA DA AVDA. CASTELAO, ENTRE A RÚA REDONDELA E A RÚA PORRIÑO.*

*O proxecto considera as seguintes actuacións:*

*A actuación abarca a beirarrúa impar da Avenida de Castelao entre as rúas Porriño e Redondela, sendo as principais actuacións incluídas:*

- Novo pavimento en beirarrúas.*
- Adoquín para acceso a garaxes.*
- Xardineiras na intersección coa rúa Porriño.*
- Zona axardinada diante do CEIP Celso Emilio Ferreiro.*
- Plantación de árbores en beirarrúa e na zona de aparcadoiro.*
- Aumento da beirarrúa na zona da parada do bus urbano.*
- Melloras na rede de abastecemento: substitución completa da rede por unha nova de fundición.*
- Melloras na rede de saneamento: substitución completa da rede mixta (pluviais e fecais) e melloras na rede de pluviais.*
- Creación de refuxios para os contedores con plantación.*
- Inclusión de rede soterrada reserva para outros servizos municipais.*

*Estas obras teñen a condición dunha actuación de inversión, xa que as mesmas teñen como fin a humanización da Beirarrúa da Avda. Castelao, entre as Rúas Porriño e Redondela o cal supón sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestruturas, ao tempo que se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal teñen unha clara identificación con actuación de “investimentos reais”.*

*O contrato, polo seu obxecto, será de obras, segundo o previsto no artigo 6 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).*

*En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido”, son os definidos na memoria descritiva que contén o proxecto aprobado co expediente 3.219/443*

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d) "infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade".

## 2.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto, xustificándose no importe da obra e na necesidade da maior transparencia, publicidade e igualdade do procedemento.

## 3.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, está determinado en base ao proxecto redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Javier Zubía Fernández, no cal se determina o orzamento base de licitación, que resulta adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto do contrato e de acordo cos prezos xerais do mercado, os cales atópanse descompostos nas unidades vinculadas no proxecto.

O importe total do expediente de contratación ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS CINCOENTA MIL EUROS (250.000 EUROS), sendo o importe correspondente ao IVE de 43.388,43 €.

O valor estimado do contrato estipúlase en DOUSCENTOS COARENTA E SETE MIL NOVECENTOS TRINTA E TRES EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (247.933,88 €)

### 3.1.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

O importe do contrato deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida: 1532.6190080 "Humanización BEIRARRÚA AVENIDA DE CASTELAO, ENTRE A RÚA REDONDELA E A RÚA PORRIÑO" a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

O gasto proposto, establecece tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo ao cumprimento da esixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atopase dentro dos créditos vixentes no actual orzamento. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello. Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación que se derive deste expediente (artigo 22 do TRLCSP), así como os aspectos relacionados coa natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse vinculadas directamente coas necesidades propias dos servizos que presta o Servizo de Vías e Obras da Área de Fomento en relación á competencia municipal para o mantemento dos espazos públicos, e de forma específica na propia memoria xustificativa do proxecto de execución que se contempla neste expediente no cal se definen as peculiaridades destas actuacións.

Conta con informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación das obras da

HUMANIZACIÓN DA BEIRARRÚA AVENIDA DE CASTELAO, ENTRE A RÚA REDONDELA E A RÚA PORRIÑO, asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, e o Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario D. Oscar Couce Senra de data 20 de xuño de 2016.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no (art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d) "infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade".

#### 4.- Criterios de valoración e xustificación:

En relación os criterios de adxudicación e de acordo co recollido no artigo 150 do TRLCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, polo cal en base o obxecto das obras deste contrato,

#### 4.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:

Os criterios avaliados mediante xuízo de valor terán unha puntuación máxima de 20 puntos distribuídos nos seguintes criterios:

##### 4.1.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA: se valorará con ata 15 puntos

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

- Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: se valorará con ata 5 puntos
- Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para garantir o correcto desenvolvemento do proxecto á criterio do licitador: se valorará con ata 5 puntos
- Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra o cal deberá contemplar: se valorará con ata 5 puntos

##### 4.1.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE: se valorará con ata 3 puntos

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

- I. Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 2 puntos
- II. Plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 1 puntos

##### 4.1.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS: se valorará con ata 2 puntos

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

- I. Memoria descritiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou de materias primas: se valorará con ata 1 puntos

II. Memoria descriptiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado: se valorará con ata 1 puntos

A puntuación dos criterios avaliados mediante xuízo de valor será outorgada seguindo as seguintes regras:

1.- Outorgarase a máxima puntuación fixada en cada apartado ás memorias que desenvolvan cun alto grado de detalle os contidos indicados con análise específico e coa representación gráfica adecuada.

2.- Descontarase un 15 % da puntuación máxima prevista en cada apartado a avaliar, ás memorias que non teñan un desenvolvemento detallado dos contidos gráficos esixidos en cada apartado.

3.- Descontarase un 15 % da puntuación máxima prevista en cada apartado, por cada un dos contidos esixidos no mesmo con escaso desenvolvemento, ou, no caso de que a súa xustificación non se adecúe ao obxecto do apartado a avaliar.

Os descontos previstos neste punto e no anterior serán acumulativos, tendo como límite o desconto equivalente a máxima puntuación do criterio a avaliar.

4.- A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando a memoria do apartado a avaliar conteña aspectos contraditorios internos ou en relación co proxecto, ou non recolla ningunha aportación a maiores das establecidas no propio proxecto de obra que define o presente expediente.

As propostas que non cumpran cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, ou do nº de follas máximas fixadas para o criterio, serán obxecto de valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados ó mesmo.

**4.2.- CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:**

Os criterios avaliados mediante fórmula terán unha puntuación máxima de 80 puntos distribuídos nos seguintes criterios:

4.4.1.- Prezo ofertado. O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de SETENTA (70) puntos aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros).

4.4.2.-Prazo de garantía. Valorarase ata un máximo de DEZ (10) puntos a ampliación do prazo de garantía da obra e dos elementos que a conforman, respecto do mínimo esixido no proxecto que establececese en 12 meses.

4.3.- Os criterios avaliados mediante fórmula se valorarán da seguinte forma:

5.3.1.- Redución do prezo do contrato: O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de SETENTA (70) puntos aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros).

O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros).

Para valorar as baixas en relación a oferta económica, serán de aplicación as seguintes fórmulas:

▣ Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,8*Be < Bi \leq Be$

$$Pe = 67 + 3 * \left( \frac{Bi - (0,8 * Be)}{0,2 * Be} \right)$$

▫ Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,55 * Be < Bi \leq 0,8 * Be$

$$Pe = 62 + 5 * \left( \frac{Bi - (0,55 * Be)}{0,25 * Be} \right)$$

▫ Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0 * Be \leq Bi \leq 0,55 * Be$

$$Pe = 62 * \left( \frac{Bi}{0,55 * Be} \right)$$

Sendo:

*Pe* = Puntuación da oferta a valorar

*Bi* = Baixa da oferta a valorar, entendido coma a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído).

*Be* = Baixa da oferta máis económica de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas que quedan excluídas da clasificación dacordo co artigo 152 do TRLCSP, expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído).

#### 4.2.3.- Incremento do prazo de garantía: valorarase con ata 10 puntos

A ampliación do prazo de garantía da obra e dos elementos que a conforman, respecto do mínimo esixido no proxecto (12 meses), deberá expresarse en meses e se valorará aplicando as seguintes fórmulas:

➤ Para as garantías (*Gi*) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,8 * Ge < Gi \leq Ge$

$$Pg = 8,5 + 1,5 * \left( \frac{Gi - (0,8 * Ge)}{0,2 * Ge} \right)$$

➤ Para as garantías (*Gi*) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,55 * Ge < Gi \leq 0,8 * Ge$

$$Pg = 7 + 1,5 * \left( \frac{Gi - (0,55 * Ge)}{0,25 * Ge} \right)$$

➤ Para garantías (*Gi*) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0 * Ge \leq Gi \leq 0,55 * Ge$

$$Pg = 7 * \left( \frac{Gi}{0,55 * Ge} \right)$$

Sendo:

*Pg* = Puntuación da oferta a valorar entre 0 e 10 puntos

*Gi* = Incremento de garantía ofertado (en meses enteiros) da oferta a valorar

*Ge* = A oferta do incremento de garantía de maior número de meses.

5- Revisión de prezos:

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos, tendo en conta que os mesmos permanecerán estables dentro do tempo de execución previsto e dentro da mesma anualidade.

6.- Prazo de garantía:

Establecese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende a acta de recepción das obras.

7.- Esixencia de Clasificación:

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non se esixe clasificación para este contrato. Se poderá presentar as seguintes clasificacións como acreditación da solvencia técnica e financeira.

- Grupo "G" Subgrupo "6", Categoría "1", e
- Grupo "E", Subgrupo "1", Categoría "2".

8.- Subcontratación:

Considerase oportuno a autorización da subcontratación co límite máximo do 50 %.

9.- Prazo de execución e prórroga:

De acordo co proxecto básico e de execución das obras, o prazo máximo de execución establececese en 3 meses.

- α) O prazo de execución das obras poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorran algunhas das seguintes causas:
- β) A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder da metade do prazo inicial.
- χ) incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ó perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.

Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ó que tiña permanecido suspendido.

10.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato:

O medios persoais establecidos para este contrato son como mínimo os seguintes:

PERSOAL	HORAS
Xefe de obra	120
Topógrafo	104
Capataz	429
Oficial de primeira	661
Oficial de segunda	198

Peón	986
------	-----

#### 11.- Modificación do contrato:

Tendo en conta as peculiaridades do proxecto de obra, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación os seguintes criterios:

11.1.- Aspectos a modificar: As unidades de obra de pavimentación, abastecemento, saneamento, enerxía eléctrica, telecomunicacións, alumado, semaforización, sinalización, mobiliario, xardinería e rego.

11.2.- Circunstancias que determinan a modificación: Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas distintas das recollidas no proxecto. Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos urbanos, deseño ou esquema funcional, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.

11.3.- Limites da modificación: A contía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato, salvo para as modificacións das características de unidades de pavimentación non poderá afectar ao prezo do mesmo.

11.4.- Especialidades, no seu caso, do procedemento de contratación: Non se contemplan.

#### 12.- Responsable do Contrato:

O Responsable do contrato será o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento. Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa para o seguimento da obra.

#### 13- Seguro:

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que de cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das obras obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 600.000,00 €.

#### 14.- Criterios para a determinación de ofertas anormais ou desproporcionadas.

En relación á determinación do criterio aplicable para a valoración da existencia de ofertas ou proposicións con valores anormais ou desproporcionados para as ofertas referentes as obras obxecto deste expediente, débense ter en conta os aspectos expostos na memoria de xustificación dos criterios de avaliación deste expediente no cal se determina e xustifica os seguintes aspectos:

Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados se considerará que están incursas nesa situación, as proposicións cando contes cun balor (Bi) que cumpra as seguintes condicións:

A.- Exceda en ( $K \cdot \delta'$ ) ó valor da "baixa de referencia" (Br), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa igual ou superior a cinco.

Presunción de temeridade:  $B_i > B_r + (K * \delta')$  si  $n \geq 5$

Sendo:

$B_i$  = será igual o valor porcentual que represente a baixa ofertada sobre o prezo de licitación (en euros, sen IVE) sobre o orzamento base de licitación (en euros IVE excluído), para a oferta que se queira valorar. Este calculo será realizado para todas as ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

$B_r$  = valor mínimo entre ( $B_m$  ou  $B'm$ )

$B_m$  = Baixa media calculada. O valor será expresado en tanto por cento, en relación a media aritmética de todos os valores ( $B_i$ ) calculados das ofertas admitidas.

$$B_m = \frac{\sum_{i=1}^n B_i}{n}$$

$B'm$  = media aritmética das ( $B_i$ ) ofertadas que cumbran a condición seguinte:

$$(B_m - \delta) \leq B_i \leq (B_m + \delta)$$

$\delta$  = desviación típica calculada

$$\delta = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^n (B_i - B_m)^2}{n}}$$

$\delta'$  = desviación típica das ( $B_i$ ) ofertadas que cumbran a anterior condición sinalada para o cálculo de  $B'm$

$n$  = Número de ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados, e para o calculo da  $\delta'$ ,  $n$  será igual o numero de ofertas que cumbran coa condición sinalada para o calculo de  $B'm$

$K$  = factor de temeridade, este factor será definido en relación os seguintes criterios:

Para $\text{Min}(B_m, B'm) \leq 10\%$	
SI $\sigma' \leq 0,5$ ;	$K=5,0$
SI $\sigma' > 0,5$ y $\leq 1$ ;	$K=2,5$
SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$ ;	$K=1,5$
SI $\sigma' > 1,5$ y $\leq 2$ ;	$K=1,3$
SI $\sigma' > 2$ y $\leq 3$	$K=1,0$
SI $\sigma' > 3$	$K=0,6$



Para  $\text{Min}(B_m, B_m') > 10\%$  y  $\leq 18\%$

SI  $\sigma' \leq 0,5$ ;  $K=3,5$

SI  $\sigma' > 0,5$  y  $\leq 1$ ;  $K=1,8$

SI  $\sigma' > 1$  y  $\leq 1,5$ ;  $K=1,3$

SI  $\sigma' > 1,5$  y  $\leq 2$ ;  $K=1,0$

SI  $\sigma' > 2$  y  $\leq 3$   $K=0,7$

SI  $\sigma' > 3$   $K=0,5$

Para  $\text{Min}(B_m, B_m') > 18\%$

SI  $\sigma' \leq 0,5$ ;  $K=3,0$

SI  $\sigma' > 0,5$  y  $\leq 1$ ;  $K=1,5$

SI  $\sigma' > 1$  y  $\leq 1,5$ ;  $K=1,1$

SI  $\sigma' > 1,5$  y  $\leq 2$ ;  $K=0,8$

SI  $\sigma' > 2$  y  $\leq 3$   $K=0,5$

SI  $\sigma' > 3$   $K=0,4$

B.- Exceda en 2.5 ou máis unidades porcentuais ó valor da "baixa de referencia" (Br), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa inferior a cinco.

Para este suposto de menos de 5 empresas licitadoras admitidas;

Br = media aritmética das (Bi) ofertadas. Bi calcularase dacordo co exposto no apartado anterior.

Presunción de temeridade:  $B_i > B_r + 2.5$  si  $n < 5$

Para calcular a baixa de referencia seguiranse as instrucións especificadas no punto anterior. Para os efectos de establecer este promedio terase en conta que cando as empresas que formen parte dun mesmo grupo, segundo os supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio, presenten distintas proposicións, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as do grupo.

#### 15.- Garantía complementaria:

1.- Cando a garantía ofertada polo adxudicatario sexa superior a media das garantías ofertadas polos licitadores admitidos, se deberá constituír como garantía complementaria o importe que corresponda de acordo co seguinte criterio en relación o incremento ofertado sobre o prazo de garantía ofertado:

Importe garantía complementaria igual o valor da operación (Gof-Gm) /12, dito valor indicará o porcentaxe que se aplicará sobre o importe de adxudicación do contrato sen incluír o IVE, para definir o importe en euros para constituír como garantía complementaria.

(Gof-Gm)

----- = % de incremento da garantía complementaria

12

Onde:

Gm= Media das garantías das ofertas admitidas na licitación (garantía mínima do prego + media do incremento proposto polos licitadores admitidos) en meses enteiros.

*Gof= Garantía ofertada (Garantía mínima do prego + incremento proposto polo licitador) en meses enteiros.*

*Este valor indicará a porcentaxe que se aplicará sobre o importe de adxudicación do contrato sen incluír o IVE, para definir o importe en euros para constituír como garantía complementaria.*

*2.- Así mesmo tamén será motivo de constitución da garantía complementaria por un importe do 5% do prezo de adxudicación do contrato, cando a oferta adxudicada, correspóndase cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración.*

*De acordo co artigo 95.2 do TRLC o importe máximo da garantía complementaria, para calquera dos casos contemplados neste apartado, non poderá superar o 5% do importe de adxudicación do contrato.*

### **III.- PROPOSTA:**

*Previamente a efectuar a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse documento contable referido a existencia de crédito para financiación das obras, así como informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.*

*Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:*

*Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto HUMANIZACIÓN DA BEIRARRÚA DA AVDA. CASTELAO, ENTRE A RÚA REDONDELA E A RÚA PORRIÑO.*

*Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexeirá a contratación, redactado pola Técnica de Administración Xeral Ángela Fenández López e a Xefa do Servizo de Contratación Beatriz Barbará Rodríguez, de data 20 de xullo de 2016.*

*Terceiro: Autorizar o gasto por un importe máximo de DOUSCENTOS CINCOENTA MIL EUROS (250.000 EUROS), sendo o importe correspondente ao IVE de 43.388,43 €.*

*O valor estimado do contrato estipúlase en DOUSCENTOS COARENTA E SETE MIL NOVECIENTOS TRINTA E TRES EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (247.933,88 €)*

*Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida: 1532.6190080 "Humanización BEIRARRÚA AVENIDA DE CASTELAO, ENTRE A RÚA REDONDELA E A RÚA PORRIÑO" a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.*

*Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.*

### **Acordo**

**A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.**

**6(772).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DOS XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CASTRO DE TORALLA. EXPTE. 7845/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/07/16, dáse conta do informe-proposta do 15/07/16, da técnica de Admon. Xeral-secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de promoción e divulgación dos xacementos do Castro e Toralla (expediente 7845-307).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 29 de xuño de 2016, adoptou o seguinte acordo:

*“4.- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS, EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DOS XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CASTRO DE TORALLA. EXPTE. 7845/307*

Dáse conta do informe-proposta do 29/06/16, do secretario da Mesa de Contratación:

*“Primeiro: Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación, adoptado na sesión de data 18 de maio de 2016 de “excluír da licitación a proposta presentada pola mercantil Excluir da licitación a Xeitura, xestión Integral de Patrimonio Cultural Sociedade Cooperativa Galega por non declarar la solvencia técnica.”*

*“Segundo.- Clasificar as ofertas presentadas ao procedemento aberto para a contratación do servizo de promoción e divulgación dos xacementos arqueolóxicos de o Castro e Toralla.. (expediente 7845-307), de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no . (expediente 17478-332)” no seguinte orde decrecente:*

<i>E M P R E S A</i>	<i>PUNTUACIÓN CRITERIOS AVALIABLES XUÍZO DE VALOR</i>	<i>PUNTUACIÓN CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULAS</i>	<i>PUNTUACIÓN TOTAL</i>
<i>VAN DIVULGACIÓN CULTURAL</i>	<i>14</i>	<i>76,19</i>	<i>90,19</i>
<i>ESTELA LOXÍSTICA PROXECTOS</i>	<i>14</i>	<i>75,80</i>	<i>89,80</i>
<i>ROSA PEREIRA MUÑOZ</i>	<i>15</i>	<i>26,27</i>	<i>41,27</i>

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

*Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

*Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*

*A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto: Requirir ao citado licitador o aboamento de 731,5 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

*Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., o día 6 de xullo de 2016, que presenta a documentación requirida o 14 de xullo, dentro do prazo sinalado.*

*Terceiro.- A Mesa de contratación na sesión do 15 de xullo de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.*

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).*

*Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.*

*Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do*

licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. de acordo cos informes de valoración da oferta técnica e económica do 23 de maio de 2016 e 2 de xuño de 2016, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de promoción e divulgación dos xacementos do Castro e Toralla (expediente 7845-307) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 71.051,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.331,20 euros.
- b) Incrementábase o número mínimo de horas de prestación do servizo sen custo para o Concello en 60 horas anuais.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(773).- PROPOSTA NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DUN INSPECTOR AUXILIAR DE OBRAS, SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS, CON CARGO PRAZA VACANTE OPEP 2012. EXPTE. 28386/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.07.16, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 22.07.16, conformado pola técnica de Admón. Xeral, e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para provistar en propiedade unha praza de Inspector Auxiliar de Obras, Servizos e Infraestruturas en réxime funcional e incluída no subgrupo C2 de titulación, pola quenda de promoción interna, vacante no Cadro de Persoal Municipal e incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2012, na súa sesión de 13 de xuño de 2016, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento do único aspirante presentado D. ANGEL FERRO MANCHO, DNI 36.072.730-J, que superou todos os exercicios do concurso-oposición e que acadou unha puntuación total de 22,50 puntos.*

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 13/06/2016, sen que conste presentada ningunha reclamación a tal efecto.

O aspirante proposto presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

De conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 19/06/2015 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

#### PROPOSTA DE ACORDO:

*"PRIMEIRO: Nomear funcionario de carreira con cargo á praza convocada de Inspector Auxiliar de Obras, Servizos e Infraestruturas, a D. ANGEL FERRO MANCHO, con DNI 36.072.730-J, único aspirante presentado, proposto polo Órgano de Selección, que superou todos os exercicios do concurso-oposición e que acadou unha puntuación total de 22,50 puntos.*

*De conformidade co previsto na Base 16ª das Xerais da convocatoria, o presente nomeamento unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionario de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.*

*SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao interesado, á Área de Servizos Xerais, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.*

*TERCEIRO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social.*

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **8(774).- PROPOSTA NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIAS DE CARREIRA DE 4 ADMINISTRATIVAS DE ADMON. XERAL, CON CARGO PRAZA VACANTE OPEP 2012. EXPTE. 28420/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.07.16, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 22.07.16, conformado pola técnica de Admón. Xeral, e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para provistar en propiedade catro prazas de Administrativo/a de Administración Xeral en réxime funcional e incluídas no subgrupo C1 de titulación, pola quenda de promoción interna, vacantes no Cadro de Persoal Municipal e incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2012, na súa sesión de 21 de xullo de 2016, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento das seguintes aspirantes, que superaron todos os exercicios do concurso-oposición coas seguintes puntuacións:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACION
12	LAGO DIOS	MARÍA BEATRIZ	36116679D	34,325
16	MOREIRA PÉREZ	SANDRA	44823867H	34,083
6	CORBACHO QUINTELA	AURORA	36148829M	33,758
1	ALONSO CRESPO	LAURA	53187479W	32,658

En data 15 de xullo de 2016, publicouse o anuncio cos resultados do segundo e último exercicio da fase de oposición, na páxina web do Concello e no Taboleiro de editos, non presentándose no prazo regulamentario ningunha reclamación ás cualificacións outorgadas polo órgano de selección. A proposta de nomeamento publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 21/07/2016.

As aspirantes propostas presentaron no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

De conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 19/06/2015 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

#### PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO: Nomear funcionarias de carreira con cargo á prazas convocadas de Administrativo/a de Administración Xeral, ás seguintes aspirantes propostas polo Órgano de Selección, que superaron todos os exercicios do concurso-oposición e que acadaron as seguintes puntuacións totais:

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACION
LAGO DIOS	MARÍA BEATRIZ	36116679D	34,325
MOREIRA PÉREZ	SANDRA	44823867H	34,083
CORBACHO QUINTELA	AURORA	36148829M	33,758
ALONSO CRESPO	LAURA	53187479W	32,658

De conformidade co previsto na Base 16ª das Xerais da convocatoria, o presente nomeamento unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionarias de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

*SEGUNDO: Notificar o presente acordo ás interesadas, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, ás Áreas e Servizos onde se adscriban as prazas e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.*

*TERCEIRO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(775).- PROPOSTA CONTRATACIÓN LABORAL FIXA, CON CARGO A DÚAS PRAZAS VACANTE DE 2 OFICIAIS XARDIÑEIROS (OPEP 2012). EXPTE. 28407/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.07.16, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 22.07.16, conformado pola técnica de Admón. Xeral, e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*O tribunal cualificador encargado de xulgar as probas selectivas do proceso convocado para a provisión de dúas prazas de Oficial Xardineiro/a pola quenda de promoción interna, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2012, en réxime laboral e equiparada ao subgrupo C2 de titulación, na súa sesión de data 29/06/2016, acordou propoñer ao órgano competente a contratación como empregados públicos laborais fixos, con cargo ás prazas convocadas de Oficial Xardineiro/a, a D. FRANCISCO JOSÉ RODRÍGUEZ BARBOSA, con DNI 77.001.814-E e, a D. ROBERTO ÁLVAREZ DÍAZ, con DNI 36.054.406-C, únicos aspirantes que superaron todos os exercicios do concurso-oposición e que acadaron unhas puntuacións totais de 20,73 e 14,12 puntos respectivamente.*

*O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo na mesma data, sen que conste presentada ningunha reclamación a tal efecto.*

*Os aspirantes propostos presentaron no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.*

*De conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 19/06/2015 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte*



**PROPOSTA DE ACORDO:**

*"PRIMEIRO: Contratar como empregados públicos municipais en réxime laboral fixo, con cargo ás prazas convocadas de Oficial Xardineiro/a, a D. FRANCISCO JOSÉ RODRÍGUEZ BARBOSA, con DNI 77.001.814-E e, a D. ROBERTO ÁLVAREZ DÍAZ, con DNI 36.054.406-C, aspirantes propostos polo Órgano de Selección, sendo os únicos que superaron todos os exercicios do concurso-oposición acadando unhas puntuacións totais de 20,73 e 14,12 puntos, respectivamente.*

*As presentes contratacións unicamente terán efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberán asinar os aspirantes propostos no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo.*

*SEGUNDO: Notificar o presente acordo aos interesados, a Área de Servizos Xerais, aos Servizos aos que se adscriban ditas prazas, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.*

*TERCEIRO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(776).- PROPOSTA CONTRATACIÓN LABORAL FIXA, CON CARGO Á PRAZA VACANTE DE CAPATAZ DO PARQUE MÓBIL (OPEP 2012). EXPTE. 28383/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.07.16, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 22.07.16, conformado pola técnica de Admón. Xeral, e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*O tribunal cualificador encargado de xulgar as probas selectivas do proceso convocado para a provisión dunha praza de Capataz do Parque Móbil pola quenda de promoción interna incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2012, en réxime laboral e equiparada ao subgrupo C1 de titulación, na súa sesión de data 05/07/2016, acordou propoñer ao órgano competente a contratación como empregado público laboral fixo, con cargo á praza convocada de Capataz do Parque Móbil, a D. FRANCISCO JAVIER BEA PUENTES, con DNI 36.119.786-B, único aspirante que superou todos os exercicios do concurso-oposición e que acadou unha puntuación total de 19,375 puntos.*

*O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 06/07/2016, sen que conste presentada ningunha reclamación a tal efecto.*

O aspirante proposto presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

De conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 19/06/2015 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

#### PROPOSTA DE ACORDO:

*"PRIMEIRO: Contratar como empregado público municipal en réxime laboral fixo, con cargo á praza convocada de Capataz do Parque Móbil, a D. FRANCISCO JAVIER BEA PUENTES, con DNI 36.119.786-B, único aspirante proposto polo Órgano de Selección que superou todos os exercicios do concurso-oposición e que acadou unha puntuación total de 19,375 puntos.*

*A presente contratación unicamente terá efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberá asinar o aspirante proposto no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo.*

*SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao interesado, á Área de Servizos Xerais, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.*

*TERCEIRO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social.*

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **11(777).- PROPOSTA NOMEAMENTO FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS CON CARGO A DÚAS PRAZAS VACANTES DE CONDUTOR BOMBEIRO (OPEP 2012). EXPTE. 28419/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.07.16, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 22.07.16, conformado pola técnica de Admón. Xeral, e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para provistar en propiedade dúas prazas de Conductor-bombeiro en réxime funcional e incluídas no subgrupo C2 de titulación, pola quenda libre, vacantes no Cadro de Persoal Municipal e incluídas na Oferta de*

*Emprego Público correspondente ao ano 2012, na súa sesión de 18 de xullo de 2016, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento dos seguintes aspirantes, que superaron todos os exercicios da oposición coas seguintes puntuacións:*

<i>Nº</i>	<i>APELIDOS</i>	<i>NOME</i>	<i>DNI</i>	<i>PUNTUACION</i>
<i>13</i>	<i>CARIDE GONZÁLEZ</i>	<i>BORJA</i>	<i>39459449M</i>	<i>33,893</i>
<i>58</i>	<i>REINALDO LÓPEZ</i>	<i>NÉSTOR</i>	<i>53171919J</i>	<i>31,671</i>

*O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 18/07/2016.*

*Os aspirantes propostos presentaron no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.*

*De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base XIV das xerais, os/as aspirantes/as aprobados/as unha vez aportada toda a documentación esixida nestas, será nomeado/a funcionario/a en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente correspondan á dita situación (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C2 de titulación, e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas), debendo superar un curso teórico-práctico de 3 meses de duración, como máximo, antes do seu nomeamento definitivo como funcionario de carreira.*

*En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 19/06/2015 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte*

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

*"PRIMEIRO: Nomear funcionarios en prácticas con cargo á prazas convocadas de Conductor-Bombeiro, ós seguintes aspirantes propostos polo Órgano de Selección, que superaron todos os exercicios da oposición libre e que acadaron as seguintes puntuacións totais:*

<i>APELIDOS</i>	<i>NOME</i>	<i>DNI</i>	<i>PUNTUACION</i>
<i>CARIDE GONZÁLEZ</i>	<i>BORJA</i>	<i>39459449M</i>	<i>33,893</i>
<i>REINALDO LÓPEZ</i>	<i>NÉSTOR</i>	<i>53171919J</i>	<i>31,671</i>

*SEGUNDO.- De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base XIV das xerais, ós as aspirantes aprobados/as unha vez aportada a documentación esixida, serán nomeados funcionarios en practicas, percibindo en tanto realizan o correspondente curso teórico-practico, as retribucións que lles correspondan (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C2 de titulación) e demais previsións contidas no art.*

2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

*TERCEIRO.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios de carreira a que superen o curso teórico-práctico contemplado nas bases específicas da convocatoria, sen prexuízo de que de conformidade co previsto na Base 16ª das Xerais da convocatoria, o nomeamento como funcionarios de carreira, unha vez superado o curso teórico práctico, unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión definitiva, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.*

*CUARTO: Notificar o presente acordo aos interesados, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, á Área de Mobilidade e Seguridade e Xefatura do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.*

*QUINTO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".*

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **12(778).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DOS CRITERIOS DE XESTIÓN DAS LISTAS DE RESERVA. EXPTE. 28442/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 21.07.16, conformado pola titular de Asesoría Xurídica e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

I. Con data 30/05/2016, o técnico de Organización e Planificación emite informe en expte. 27.845/220 sobre "Bases reitoras dos procesos selectivos para a formación de bolsas de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como Operador/a de Informática e Oficiais de Oficios (Oficial coidador de mantemento, vixilancia e control de Vigo Zoo, Oficial Instalacións Municipais, Oficial Xardineiro/a, Oficial Desinfectora/a, Oficial Electricista, Oficial Ferreiro e, Oficial Fontaneiro, (todos eles integrados no subgrupo C2).

O devandito informe contempla 20 temas para o proceso selectivo do Operador/a de Informática – reproducindo literalmente a proposta de temario proposto polo xefe do servizo de Administración electrónica - e 12 temas para cada un dos diferentes tipos de Oficial de Oficios.

II. Mediante dilixencia de data 08/06/2016 a xefa da Área de RRHH e Formación, visto o informe técnico emitido, devolve o expediente ao técnico de Admón. Especial informante para ampliación de informe técnico no cal se contemple o número mínimo de temas de cada subgrupo de

*titulación, nos termos do preceptuado do RD 896/1991, do 7 de xuño, de regras básicas e programas mínimos para a selección de funcionarios ao servizo das corporacións locais; informe que á vista do tempo transcorrido, solicítase con carácter URXENTE.*

III. Con data 11/07/2016 o técnico de Organización e Planificación emite informe.

IV. Con data 14/07/2016 a técnica de administración xeral adscrita á Área de RRHH e Formación eleva informe-proposta á Comisión de Seguimento das listas de reserva, co seguinte tenor literal:

*"I. Con data 30/05/2016, o técnico de Organización e Planificación emite informe en expte. 27.845/220 sobre "Bases reitoras dos procesos selectivos para a formación de bolsas de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como Operador/a de Informática e Oficiais de Oficios (Oficial coidador de mantemento, vixilancia e control de Vigo Zoo, Oficial Instalacións Municipais, Oficial Xardineiro/a, Oficial Desinfectora/a, Oficial Electricista, Oficial Ferreiro e, Oficial Fontaneiro, (todos eles integrados no subgrupo C2).*

*O devandito informe contempla 20 temas para o proceso selectivo do Operador/a de Informática – reproducindo literalmente a proposta de temario proposto polo xefe do servizo de Administración electrónica - e 12 temas para cada un dos diferentes tipos de Oficial de Oficios.*

*II. Mediante dilixencia de data 08/06/2016 a xefa da Área de RRHH e Formación, visto o informe técnico emitido, devolve o expediente ao técnico de Admón. Especial informante para ampliación de informe técnico no cal se contemple o número mínimo de temas de cada subgrupo de titulación, nos termos do preceptuado do RD 896/1991, do 7 de xuño, de regras básicas e programas mínimos para a selección de funcionarios ao servizo das corporacións locais; informe que á vista do tempo transcorrido, solicítase con carácter URXENTE.*

III. Con data 11/07/2016 o técnico de Organización e Planificación emite o seguinte informe:

*"El Real Decreto 896/1991, de 7 de junio, establece a lo largo de su articulado las reglas básicas y programas mínimos del procedimiento de selección de los funcionarios de la Administración Local.*

*A lo que a este informe interesa, en la exposición de motivos del referido Real Decreto se establece que "los artículos 19.1 de la Ley 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para la Reforma de la Función Pública, y 91.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Régimen Local, establecen que la selección de todo el personal, ya sea funcionario o laboral, debe realizarse de acuerdo con la correspondiente oferta de empleo público, mediante convocatoria pública y a través del sistema de concurso, oposición o concurso-oposición libre, en los que se garanticen, en todo caso, los principios de igualdad, mérito y capacidad, así como el de publicidad.*

*Por su parte la citada Ley 7/85 en su artículo 100 atribuye a cada Corporación la competencia para la selección de sus funcionario, reservando, no obstante, a la Administración del Estado, el establecimiento de las reglas básicas y programas mínimos a que debe ajustarse el procedimiento de selección. Este es el fundamento legal en base al que se dicta el referido Decreto.*

*En definitiva, el Real Decreto se aprueba para establecer reglas máximas y programas mínimos para el ingreso en plazas incluidas en las correspondientes ofertas de empleo público. En dicho Real Decreto en su artículo 8 y 9 se establecen los ejercicios teóricos y prácticos que como mínimo se deben realizar y en relación con los primeros el número de temas en función de los grupos de clasificación donde se integre la plaza.*

Fuera ya del articulado del RD que como ya se dijo regula el ingreso en la Administración Local en desarrollo de la Oferta de Empleo Público, y como disposiciones adicionales el Real Decreto contempla el procedimiento para nombramiento de funcionarios interinos y de personal laboral. Respecto a los funcionarios interinos las únicas exigencias que el Presidente de la Corporación -en este caso la Junta de Gobierno Local- tiene para poder efectuar nombramientos interinos son las siguientes:

- 1.- Convocatoria pública.
- 2.- Respeto a los principios de mérito y capacidad.
- 3.- Justificación de que por la vigencia no es posible nombrar funcionarios de carrera.
- 4.- Que las plazas estén dotadas presupuestariamente e incluidas en la Oferta de Empleo Público, salvo que se trate de vacantes realmente producidas con posterioridad a la aprobación de ésta.
- 5.- Que el personal funcionario interino deberá reunir los requisitos generales de titulación y las demás condiciones exigidas para participar en las pruebas de acceso a las correspondientes escalas, subescalas, etc, como funcionarios de carrera, que son los que figuran en el art. 36 del TREBEP.

Como se puede comprobar en todo lo dicho hasta ahora, ninguna exigencia figura en la disposición adicional citada respecto al contenido de las pruebas a realizar ni, mucho menos, al número de temas, lo que es lógico por tratarse de nombramientos de urgencia, ya que si no lo fueran, lo procedente sería convocar la plaza para cubrirla con funcionarios de carrera.

Esto no quiere decir que la Junta de Gobierno Local en base a sus atribuciones para nombrar funcionarios/as interinos/as pudiera establecer pruebas análogas a las exigidas para el ingreso como funcionarios de carrera e incluso el mismo número de temas en función del subgrupo de titulación pero, como ya se dijo, hacerlo carecería de mucho sentido cuando de lo que se trata es de conseguir con urgencia que se preste el servicio propio de la plaza vacante de funcionario de carrera.

A la vista de lo anterior, considero que no sería preciso ampliar el número de temas para las bolsas de empleo propuestas.”

IV. Porén, se ben é certo que o lexislador non previu un procedemento específico para a selección de funcionarios interinos, como si regula con detalle a selección de funcionarios de carreira, o certo é que delimita os criterios ou principios que deben inspirar o procedemento de selección. O art. 10.2 do TREBEP confirma os principios tradicionais desta figura en canto á selección, establecendo que haberá de realizarse mediante procedementos áxiles que, en todo caso, respetarán os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

Neste sentido, a xurisprudencia ten sinalado que as esixencias destes principios constitucionais resaltan con todo o seu vigor cando se proxectan sobre o ingreso na función pública de carreira; pero non se aprecia o mesmo nivel de intensidade sobre o persoal interino, cuxa selección poida esixir un menor rigor en atención á axilidade que deben impregnar estes procedementos (redución dos prazos nas convocatorias, redución dos temarios mínimos esixidos...), sempre que se respeten os principios de igualdade, mérito e capacidade no desenvolvemento do procedemento.

Deste xeito, a discrecionalidade da que gozan as diferentes Administracións Públicas para a selección dos funcionarios interinos, tal e como reflicte o informe do técnico de organización e Planificación de RRHH, está limitada non só por uns principios e criterios que deben respectarse en todo caso, senón ademáis por un procedemento que debe cumprimentarse, agás naqueles trámites que poidan entorpecer ou dilatar a necesaria axilidade e rapidez do procedemento.

*O nomeamento de funcionarios interinos debe estar xustificado por razóns de necesidade ou urxencia, polo que non cabe o seu nomeamento para atender situacións normais na Función Pública. A "urxencia" debemos considerala unha necesidade, perentoria, que non admite espera, un risco inminente de menoscabo do interese xeral, isto é, unha necesidade inaprazable, imperiosa e apremiante, na que só acudindo ao nombramiento de funcionarios interinos pode a Administración solventala.*

*Xa que logo, agás no caso de nomeamentos interinos con cargo a vacantes, que adoitan ser o suposto tradicional, nos que esixe especialmente a xustificación da urxencia, perante a posibilidade de cubrirse cun funcionario de carreira - sobre todo nos casos nos que a praza permaneceu vacante durante moito tempo e, de repente, a súa cobertura pasa a ser apremiante - cómpre que nos casos de:*

*- exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, así coma na substitución transitoria de los titulares por período similar e na execución de programas de carácter temporal que non excedan dos seis meses, se poida xustificar a referida axilidade e rapidez na selección.*

*Deste xeito, a convocatoria dun proceso selectivo para o nomeamento urxente dun funcionario interino que vai desenvolver as súas funcións por un período, como máximo de seis meses, por acumulación de tarefas, por substitución ou por execución dun programa de carácter temporal de similar duración, e cuxa convocatoria se produce coa urxencia motivada en aras de evitar un quebranto ou grave deterioro para o funcionamento dun servizo público, determina que resulte procedente incluír temarios substancialmente máis reducidos que os requiridos como mínimos para os funcionarios de carreira, en aras de non entorpecer precisamente a súa característica esencial, a axilidade, e o seu presuposto, a urxencia, sen que por isto se menoscaben os principios constitucionais de acceso ao emprego público: igualdade, publicidade, mérito e capacidade.*

*Neste sentido, unha porcentaxe de entre o 50% e o 60% do temario do programa mínimo esixido para a provisión da praza por funcionario de carreira debe entenderse suficientemente representativo para proveer, por razóns de urxencia, unha praza con carácter interino neses concretos supostos, o que posibilita un procedemento áxil, sen que se vexan menoscabadas a obxetividade na selección e as garantías dos aspirantes.*

*Un temario maior podería desnaturalizar as razóns de urxencia e a propia axilidade requirida. Se a isto se lle une un ou varios exercicios de carácter práctico, enténdese que a capacidade resultaría plenamente garantida.*

*A este respecto, o informe do técnico de Organización e Planificación reflicte un temario para os Oficiais de Instalacións equivalente en número de temas ao 60% do temario mínimo esixido no RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que, dacordo co previsto no apartado VI.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO dos "Criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo" (expte.: 26797-220), adoptados en virtude dos acordos da Xunta de Goberno Local de datas 18/12/2015 e 03/02/2016, de proposta e modificación, respectivamente, resulta procedente convocar á comisión de seguimento de utilización das listas, na súa condición de comisión encargada das incidencias referidas ás listas de reserva, que deberá velar polo efectivo cumprimento dos referidos criterios, estando facultada para solventar as incidencias prácticas susceptibles de xenerarse, así como para a determinación de criterios de interpretación, formulando a proposta que se expón a continuación:*

*Proposta de acordo de redución do mínimo legal de temas previsto no RD 896/1991 do 07 de xuño, nun 60%, nos procesos selectivos de selección de funcionarios interinos por prazo máximo*

de seis meses dentro dun período de doce, convocados por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, nos supostos seguintes:

- exceso ou acumulación de tarefas,
- substitución transitoria dos titulares,
- execución de programas con carácter temporal por seis meses (con cargo a subvencións, etc).

*Exceptuar expresamente da anterior proposta, os supostos de nomeamentos de funcionarios interinos con cargo a vacantes ou daqueles nomeados en execución de programas de carácter temporal de duración superior a seis meses."*

V. A Comisión de Seguemento das listas de reserva adoptou os acordos, segundo consta en acta asinada pola secretaria do Goberno Local e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración electrónica en data 19/07/2016, que se transcriben a continuación:

1.- Proposta de redución do mínimo legal de temas previsto no Real Decreto 896/1991 en determinados procesos selectivos por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia.

Logo do debate, a Comisión acorda que a proposta que se formularía á Xunta de Goberno Local abranguería os seguintes supostos:

*"Redución do mínimo legal de temas previsto no RD 896/1991 do 07 de xuño nos procesos selectivos de selección de funcionarios interinos por prazo máximo de seis meses dentro dun período de doce, convocados por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, nos supostos seguintes:*

- III. exceso ou acumulación de tarefas,*
- IV. substitución transitoria dos titulares,*

*A dita redución afectará tamén aos procesos selectivos de selección de funcionarios interinos execución de programas con carácter temporal por doce meses (con cargo a subvencións, etc).*

Conforme coa seguinte táboa:

Grupo de función	Número de temas
A1	60
A2	40
C1	25
C2	12
E	7

*Exceptuar expresamente da anterior proposta, os supostos de nomeamentos de funcionarios interinos con cargo a vacantes ou daqueles nomeados en execución de programas de carácter temporal de duración superior a un ano".*

2ª.- Proposta de modificación do punto VI "Criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias de emprego do Concello de Vigo" (expte. 26797/220).



O acordos da Xunta de Goberno Local de datas 18/12/2015 e 03/02/2016, contempla no punto VI a composición da Comisión de seguimento para a utilización das listas de reserva, sendo necesario proceder á súa modificación para garantir un mellor funcionamento, nos seguintes aspectos:

- III. "Secretario/a: a Secretaría do Goberno Local, na súa condición de titular de fe pública municipal (no que non corresponda ao ámbito material da Secretaría Xeral do Pleno) ou funcionario/a en quen delegue".
- IV. "A Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, titular das competencias de goberno en materia de recursos humanos e persoal, que terá voto de calidade nos debates da Comisión, actuando como suplentes indistintos os demais concelleiros delegados nomeados por Resolución da Alcaldía de 19 de xuño de 2015".

Xa que logo, resulta procedente a modificación puntual dos acordos adoptados en datas 18/12/2018 e 03/02/2016 polo que se aprobaron e rectificaron, respectivamente, os "*criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo*" (expediente 26,797/220).

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O acceso ao emprego público no Concello de Vigo, tal e como esixen os artigos 9.3, 14 e 103 da Constitución de 1978 en relación co establecido no artigo 55 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do Empregado Público (TREBEP), se realiza a través da pública convocatoria de procesos selectivos con respecto aos cales o artigo 55 indicado anteriormente sinala que:

*"1. Todos los ciudadanos tienen derecho al acceso al empleo público de acuerdo con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, y de acuerdo con lo previsto en el presente Estatuto y en el resto del ordenamiento jurídico.*

*2. Las Administraciones Públicas, entidades y organismos a que se refiere el artículo 2 del presente Estatuto seleccionarán a su personal funcionario y laboral mediante procedimientos en los que se garanticen los principios constitucionales antes expresados, así como los establecidos a continuación:*

- *a) Publicidad de las convocatorias y de sus bases.*
- *b) Transparencia.*
- *c) Imparcialidad y profesionalidad de los miembros de los órganos de selección.*
- *d) Independencia y discrecionalidad técnica en la actuación de los órganos de selección.*
- *e) Adecuación entre el contenido de los procesos selectivos y las funciones o tareas a desarrollar.*
- *f) Agilidad, sin perjuicio de la objetividad, en los procesos de selección."*

O artigo 70 do mesmo texto refundido sinala que a incorporación de efectivos nas Administracións Públicas se realiza a través das ofertas de emprego público, de maneira que:

*"1. Las necesidades de recursos humanos, con asignación presupuestaria, que deban proveerse mediante la incorporación de personal de nuevo ingreso serán objeto de la Oferta de empleo público, o a través de otro instrumento similar de gestión de la provisión de las necesidades de personal, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos*

para las plazas comprometidas y hasta un diez por cien adicional, fijando el plazo máximo para la convocatoria de los mismos. En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público o instrumento similar deberá desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años.

2. La Oferta de empleo público o instrumento similar, que se aprobará anualmente por los órganos de Gobierno de las Administraciones Públicas, deberá ser publicada en el Diario oficial correspondiente.

3. La Oferta de empleo público o instrumento similar podrá contener medidas derivadas de la planificación de recursos humanos."

Debe considerarse, complementariamente, o previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, nos aspectos en que incida ou abunde ao contemplado na lexislación estatal básica (fundamentalmente, artigos 23 e 200).

II.- En consecuencia, vistas as consideracións expostas, e atendendo ás competencias que en materia de planificación e xestión de recursos humanos ostenta a Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal (delegacións efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 19/06/2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de mesma data); así como ás competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en materia de persoal, contidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte

#### PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Modificar puntualmente os "criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo" aprobados en data 18/12/2016 e rectificados en data 03/02/2016 (expedientes administrativos nº 26.797/220 e 27642/220, respectivamente) de conformidade co informe-proposta que antecede, aos efectos de:

- Engadir ao punto V VALIDEZ DAS LISTAS DE RESERVA o acordo adoptado pola Comisión de seguemento das listas de reserva na súa reunión do 15/07/2016 a fin de reducir o mínimo legal de temas previsto no RD 896/1991, do 07 de xuño, nos seguintes termos:

*"Reducirase o mínimo legal de temas previsto no RD 896/1991 do 07 de xuño, nos procesos selectivos de selección de funcionarios interinos por prazo máximo de seis meses dentro dun período de doce, convocados por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, nos supostos seguintes:*

- *exceso ou acumulación de tarefas,*
- *substitución transitoria dos titulares,*

*A dita redución afectará tamén aos procesos selectivos de selección de funcionarios interinos en execución de programas con carácter temporal por doce meses (con cargo a subvencións, etc).*

Conforme coa seguinte táboa:

Grupo de función	Número de temas
A1	60
A2	40
C1	25
C2	12

E	7
---	---

*Exceptúanse expresamente, os supostos de nomeamentos de funcionarios interinos con cargo a vacantes ou daqueles nomeados en execución de programas de carácter temporal de duración superior a un ano”*

- Modificar o punto VI COMISIÓN DE SELECCIÓN dos “Criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias de emprego do Concello de Vigo” para garantir un mellor funcionamento, nos seguintes termos:

- “Secretario/a: a Secretaría do Goberno Local, na súa condición de titular de fe pública municipal (no que non corresponda ao ámbito material da Secretaría Xeral do Pleno) ou funcionario/a en quen delegue”.
- “A Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, titular das competencias de goberno en materia de recursos humanos e persoal, que terá voto de calidade nos debates da Comisión, actuando como suplentes indistintos os demais concelleiros delegados nomeados por Resolución da Alcaldía de 19 de xuño de 2015”.

O texto definitivo dos criterios, efectuada a modificación puntual, é o contido no Anexo único ao presente acordo formando parte inseparable do mesmo.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal, Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade e Xefaturas do Contencioso e de Recursos e Asesoramento); Xefatura do Gabinete da Alcaldía e Comité de Persoal para traslado aos sindicatos correspondentes, dispoñendo a súa inserción no Portal de Transparencia e na Intranet Municipal.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### ANEXO ÚNICO

*“CRITERIOS DE XESTIÓN DAS LISTAS DE RESERVA DERIVADAS DA EXECUCIÓN DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO E CONVOCATORIAS PÚBLICAS DE EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO*

#### *I.- OBXECTO E CONCEPTO DE LISTA DE RESERVA*

*Constitúe obxecto dos presentes criterios a xestión, supostos, incidencias e réxime de funcionamento das listas de reserva do Concello de Vigo.*

*As listas de reserva están integradas pola bolsa de persoas que superaron, sen dereito a obter praza, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a provisión das prazas convocadas en cada Oferta de Emprego Público (OEP).*

*Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 23 e 200); Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 100 a 102) e demais normativa de concordante e procedente aplicación.*

## **II.- DEREITOS DAS PERSOAS EN LISTA DE RESERVA**

*As persoas que, superando a totalidade dos procesos selectivos celebrados, non tiveran dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de reserva, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser hipotéticamente nomeados/as como persoal interino.*

*A pertenza a unha lista de reserva únicamente xenerará o dereito a ser notificado, pola vía que se determina no presente documento, daquelas ofertas de nomeamento como funcionario/a interino/a que o Concello de Vigo aprobe consonte ao disposto no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do EBEP, e no artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, e que se concretan en:*

*a) A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira.*

*b) A substitución transitoria dos titulares, establecéndose que nos casos de incapacidade temporal, redución de xornada, xubilacións parciais ou permisos a tempo parcial poderá nomearse persoal funcionario interino para cubrir a parte da xornada de traballo que non realice a persoa titular do posto.*

*c) A execución de programas de carácter temporal, cos límites temporais e nos termos e condicións do establecido na normativa básica de aplicación, non podendo, en ningún caso, os ditos programas responder a necesidades permanentes da Administración, por un período máximo de ata 3 anos, ampliables ata 12 meses adicionais nos termos nos que se contemple pola lexislación vixente.*

*d) O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses. No presente suposto, operará a dita limitación temporal dentro dos nomeamentos que se realicen no mesmo subgrupo de titulación, aos efectos de garantir a adecuada rotación das listas de reserva.*

*Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) do texto refundido do EBEP (prazas vacantes en plantilla) efectuárase o chamamento á primeira persoa da lista de reserva, incluíndo ás que se atopan prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo.*

*Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo servizo correspondente, resulte necesario recurrir á contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recurrir ás persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil*

*se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada inequívocamente por escrito ou por medios electrónicos ou telemáticos dos aspirantes reservistas, debendo respetar sempre as limitacións establecidas no artigo 200 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.*

### **III.- FUNCIONAMENTO DA LISTA DE RESERVA**

*As listas de reserva do Concello de Vigo teñen carácter público, ao abeiro do establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e figurarán publicadas no Portal de Transparencia debidamente actualizadas.*

*O nomeamento de funcionariado interino será acordado polo órgano municipal competente (Xunta de Goberno Local ou órgano en que delegue) previa tramitación de expediente xustificativo da necesidade e urxencia de efectuar o mesmo consonte aos supostos sinalados no apartado anterior, a proposta fundamentada do servizo administrativo correspondente, e coa conformidade da Concellería-delegada da Área concreta.*

*A incoación do expediente administrativo de nomeamento será realizada pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, titular das competencias de goberno en materia de recursos humanos e persoal.*

*As persoas integrantes das lista de reserva deberán reunir os requisitos legais e os termos e condicións establecidos nos presentes criterios para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, sendo ésta orde de incoación a referencia temporal ao efecto, rexéndose polo establecido no RD 2568/1986, do 28 de novembro.*

*A xestión das listas corresponderá a Recursos Humanos do Concello, estando á disposición dos interesados na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org) en cumprimento do establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en todo caso na data de entrada en vigor da norma indicada.*

*No momento de efectuar os correspondentes chamamentos, comezarase pola primeira persoa da lista en función das calificacións obtidas, notificando á mesma mediante os medios contemplados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e supletoriamente á dirección de correo electrónico aportada, con acuse de recibo, outorgándolle un prazo de 48 horas para que formalice a renuncia ou aceptación ao nomeamento ofertado segundo formulario tipo.*

*Asimesmo, será intentada a comunicación telefónica co aspirante, coa finalidade de acurtar os prazos de tramitación do nomeamento. Se non acusase recibo da notificación ou do correo electrónico, terase por efectuada a renuncia ao nomeamento e procederase ao chamamento ao seguinte da lista, sen que caiba alegar motivo xustificativo algún relativo ás causas da renuncia.*

*Cando se produza o cesamento dun integrante da lista por finalización das causas motivadoras do nomeamento, éste reincorporarase ao posto da lista que lle corresponda por puntuación.*

*Para os supostos de empate entre aspirantes notificados para un nomeamento, se aplicará o principio de puntuación máxima obtida en cada exercicio.*

### **IV.-RÉXIME DE RENUNCIAS E EFECTOS**

*A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:*

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;
- supostos de incapacidade temporal (IT);
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

#### V.- VALIDEZ DA LISTAS DE RESERVA

As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia cona finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de 3 anos.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria substituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.

Reducirase o mínimo legal de temas previsto no RD 896/1991 do 07 de xuño, nos procesos selectivos de selección de funcionarios interinos por prazo máximo de seis meses dentro dun período de doce, convocados por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, nos supostos seguintes:

- exceso ou acumulación de tarefas,
- substitución transitoria dos titulares,

A dita redución afectará tamén aos procesos selectivos de selección de funcionarios interinos en execución de programas con carácter temporal por doce meses (con cargo a subvencións, etc).

Conforme coa seguinte táboa:

Grupo de función	Número de temas
A1	60
A2	40

C1	25
C2	12
E	7

*Exceptúanse expresamente, os supostos de nomeamentos de funcionarios interinos con cargo a vacantes ou daqueles nomeados en execución de programas de carácter temporal de duración superior a un ano.*

*No suposto de concorrencia de unha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo suplementaria da lista principal calquera outra lista que contemplese menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas.*

#### **VI.- ALCANCE DAS LISTAS DE RESERVA**

*Prioritariamente as listas de reserva serán utilizadas para a selección de persoal non permanente polo Concello de Vigo, podendo recurrir a elas os organismos autónomos municipais, sempre que non dispoñan de listas propias –de utilización preferente polos mesmos- e así o soliciten por escrito á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, titular das competencias de goberno en materia de recursos humanos e persoal, sendo a Comisión de Seguemento a que acordará en cada caso a remisión ou non das listas ao organismo autónomo solicitante, aos efectos da adecuada xestión das mesmas.*

*Na súa utilización, cada organismo autónomo respetará en todo caso o previsto nos presentes criterios, garantindo a homoxeneidade de criterios en materia de xestión de recursos humanos.*

#### **VI.- COMISIÓN DE SEGUEMENTO**

*Existirá unha Comisión de Seguemento da utilización das listas, encargada das incidencias referidas á das listas de reserva, e que deberá velar polo efectivo cumprimento dos presentes criterios, estando facultada para solventar as incidencias prácticas susceptibles de xenerarse, así como para a determinación de criterios de interpretación.*

*A mesma estará integrada polos seguintes membros:*

*-A Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, titular das competencias de goberno en materia de recursos humanos e persoal, que terá voto de calidade nos debates da Comisión, actuando como suplentes indistintos os demais concelleiros delegados nomeados por Resolución da Alcaldía de 19 de xuño de 2015.*

*-1 representante de cada un dos sindicatos con representación no Concello de Vigo, debéndose designar 1 titular e 1 suplente.*

*-Secretario/a: a Secretaría do Goberno Local, na súa condición de titular da fe pública municipal (no que non corresponda ao ámbito material da Secretaría Xeral do Pleno) ou funcionario/a en quen delegue.*

*3.- Asesoramento técnico especializado á Comisión: poderá acudir, a solicitude da Concellería-delegada da Área, os funcionarios/as seguintes:*

*-A xefatura de Recursos Humanos.*

*-1 funcionario/a técnico/a de Recursos Humanos.*

*-1 funcionario/a técnico da Intervención Xeral Municipal designado polo titular do órgano directivo.*

*-Calquera outro empregado/a público municipal e/ou titular de órgano directivo que pola natureza das funcións ou por razón do posto de traballo ou da titularidade do órgano estime a concellería-delegada que deba ser citado.*

#### **VI.- OUTRAS INCIDENCIAS**

*Nos supostos nos que en execución de sentenza deba modificarse o presente réxime de xestión das listas, a orde de prelación dos reservistas ou calquera outro aspecto, as medidas que correspondan serán adoptadas polo órgano municipal competente en virtude dos decretos e acordos de delegación competencial vixentes en cada momento, debendo comunicar tal incidencia á Comisión de Segemento das listas.*

*Ás relacións entre as persoas integrantes das listas de reserva que poidan ser nomeadas como funcionariado interino e o Concello de Vigo seralles aplicables, en todo caso o Dereito Administrativo, sendo impugnables os actos e acordos dictados no ámbito material indicado perante a Xurisdicción Contencioso-Administrativa, nos termos do previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, e normativa de concordante e procedente aplicación.*

#### **VII.- RÉXIME TRANSITORIO**

*En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo.*

### **13(779).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO (RENTING) DE VEHÍCULOS PARA A POLICÍA LOCAL. EXPTE. 43577/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 19.07.16, dáse conta do informe-proposta asinado pola técnica de Admón. Xeral (secretaria da Mesa de Contratación) con data 8.07.16, que di o seguinte:

*A mesa de contratación celebrada o 29 de xuño de 2016 acordou:*

#### **9.- Propostas de adxudicación**

*a) Procedemento aberto para a contratación do renting de vehículos para a Policía Local (expediente 43577-212).*

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

*Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*

*Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*

*Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*

*Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do renting de vehículos para a Policía Local (expediente 43577-212).*

#### **ANTECEDENTES**



Primeiro.- A a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 10 de xuño de 2016, adoptou o seguinte acordo:

*“Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación do renting de vehículos para a Policía Local (expediente 43577-212)” no seguinte orde decrecente:*

1º.- BANCO SANTANDER S.A.: 59,50 PUNTOS

2º.- BBVA AUTORENTING: 36,86 PUNTOS

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BANCO SANTANDER S.A. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1466,82 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar BANCO SANTANDER S.A. o día 10 de xuño de 2016, que presenta a documentación requirida en data 22 de xuño de 2016 dentro prazo. A Mesa de Contratación celebrada o 29-06-2016 comprobou que a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar é a requerida polo órgano de contratación como necesaria para a adxudicación do contrato, polo que a mesa propuso ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primer lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BANCO SANTANDER S.A.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a BANCO SANTANDER S.A. o procedemento aberto para a contratación do renting de vehículos para a Policía Local (expediente 43577-212), coas seguintes condicións:

- O prezo total do contrato é de 989.416,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 167.629,92 euros.

O prezo mensual de cada unha das clases de vehículos e o seu detalle, con indicación da parte do prezo que corresponde ao uso, mantemento e seguro é o seguinte:

Clase vehículo	Nº vehículos	Prezo total mensual unidade (IVE engadido)	Prezo correspondente ao uso do vehículo (IVE engadido)	Prezo correspondente ao mantemento do vehículo (IVE engadido)	Prezo correspondente ao seguro (IVE engadido)
Clase 1	8	1.053,66 €	620,44 €	405,70 €	27,52 €
Clase 2	4	1.190,95 €	737,19 €	426,23 €	27,52 €
Clase 3	1	1.822,07 €	1.263,25 €	523,69 €	35,13 €
Clase 4	2	1.397,02 €	880,42 €	481,47 €	35,13 €
Clase 5	2	1.401,83 €	851,04 €	523,26 €	27,52 €

\* Imposto IVE sobre aluguer e mantemento; imposto de seguro exentos con base na Lei 37/1992 de art. 4 do 28 de decembro sobre o Imposto sobre Valor Agregado

- Comprométese a substituír os neumáticos aos 25.000 kms de uso.
- Comprométese a contratar un seguro a todo risco coas seguintes coberturas:
  - Indemnización de 50.000 euros por falecemento do condutor con independencia de que sexa ou non o responsable da produción do sinistro.
  - Indemnización de 50.000 euros por invalidez permanente do condutor con independencia de que sexa ou non o responsable da produción do sinistro.
- Aplicará un coeficiente de 0,0400 euros/m+IVE, consonte ao previsto no apartado 18E das FEC do PCAP no caso de exceso de quilometraxe .
- Aplicará, consonte ao previsto no apartado 18E das FEC do PCAP, un coeficiente de 0,0300 euros/km+IVE, no caso de que se realicen menos dos quilómetros anuais de media previstos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta”.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(780).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE INCORPORACIÓN DE PREZOS CONTRADITORIOS QUE SE PROPOÑEN AOS ANEXOS I E II DE PREZOS DE APLICACIÓN NO CONTRATO DO SERVIZO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E ARRANXO DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS. EXPTE. 71048/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19.07.16 e o informe de fiscalización do 22.07.16, dáse conta do informe-proposta de data 19.07.16, asinado polo responsable do contrato e enxeñeiro xefe de Vías e Obras, o enxeñeiro de camiños, canais e portos, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o asesor xurídico da Área, que di o seguinte:

*I.- O Contrato do Servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo, foi adxudicado á empresa Civisglobal S.L., por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2014.*

*II.- No Anexo I do Prego de prescrición técnicas inclúense os cadros de prezos de aplicación durante a execución do contrato e no Anexo II a xustificación dos mesmos.*

*III.- Actualmente tense detectada a necesidade de realizar actuacións que inclúen materiais e unidades de obra que, sendo necesarios executar, non figuran contemplados nos Anexos anteriormente citados.*

*IV.- O P.P.T do contrato, na súa cláusula 5, establece que os traballos que fose necesario realizar e que non estiveran previstos no cadro de prezos, fixaranse de forma contradictoria de conformidade co previsto no art. 234.2 do T.R.L.C.S.P., tomando como base os prezos elementais de materiais, maquinaria e man de obra contemplados no cadro de prezos contractual.*

*V.- A incorporación de unidades de obra non previstas nos Anexos I e II do P.P.T.P, non supón variación no prezo do contrato nin nas anualidades nel previstas, xa que se se realizarán os servizos de acondicionamento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello, así como obras que se encomenden ao contratista ata o límite presupostario establecido.*

*VI.- Con data 15 de xullo de 2016 a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de iniciar o expediente de incorporación de prezos contradictorios ao cadro de prezos contractuais.*

*VII.- Os prezos que se propoñen foron confeccionados cos prezos elementais que figuran nos Anexos I e II do P.P.T.P do Contrato. Para os prezos elementais que non figuran en ditos Anexos, foron utilizados prezos actuais de mercado.*

*VIII.- De conformidade co establecido no Art. 234 do T.R.L.C.S.P., foi concedido trámite de audiencia ao contratista. Obra no expediente a súa conformidade aos prezos que agora se propoñen.*

*IX.- Competencia.- Correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación conforme ao previsto da Disposición Adicional segunda parágrafo 3º do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.*

Á vista das anteriores circunstancias se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, a adopción do seguinte ACORDO:

*Autorizar a incorporación de prezos contraditorios que se propoñen aos Anexos I e II de prezos de aplicación no contrato do Servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo, sen modificación orzamentaria do mesmo, adxudicado á empresa Civisglobal S.L por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2014, para incluír materiais e unidades de obra non previstos inicialmente nos ditos anexos do Prego de prescricións técnicas particulares.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(781).- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DE OBSERVACIÓNS E PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ANTEPROXECTO DE OBRAS DE REFORMA E ANTEPROXECTO DE EXPLOTACIÓN ECONÓMICA DO APARCADOIRO DA PORTA DO SOL. EXPTE. 618/449.**

Dáse conta do informe-proposta do 21/07/16, da xefa do servizo de Transportes, conformado pola concelleira-delegada de área:

“De conformidade co disposto no artigo 133 en relación co artigo 129 do Real Decreto 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da lei de contratos do sector publico ( no sucesivo TRLCSP ) , a Xunta de Goberno Local na sesión celebrada no día 22 de abril de 2016 aprobou como actuación preparatoria do expediente para a adxudicación do contrato de xestión de servizo publico no aparcadoiro sotarreago da Porta do Sol o anteproxecto de explotación económica e de reforma redactados pola consultora Horwath PLH Auditores SLP e por el facultativo D. Javier de la Puente Crespo, respectivamente.

Dita documentación foi sometida a información publica polo prazo dun mes a través da súa publicación no BOP de data 13 de maio de 2016 para que os interesados puideran formular as observacións que considerasen oportunas.

Durante o prazo conferido ao efecto D. Manuel Miranda Fernández -Vila en representación da empresa Saba Aparcamientos S:A. Formulou por escrito observacións aos citados proxectos que en resumen consisten en :

a) aspectos que afectan a normativa : especialmente en relación con o feito de que o PXOM de 2008 foi declarado nulo polo Tribunal Supremo por sentenza de data posterior a

redacción do anteproxecto de obras de reforma do aparcadoiro polo que na actualidade esta en vigor o PGOU de 1993 ao que debера adaptarse o anteproxecto; o no seu caso debера redactarse o proxecto básico de acordo a normativa do PXOM de 1993.

b) aspectos que afectan aos traballos previos a propia execución da obra e que non figuran incluídos no presuposto determinados gastos asociados que poden supoñer un sobrecusto dun 12 % aproximadamente. Tamén que debe clarificarse a necesidade o non de realización dun estudo arqueolóxico.

c) aspectos que afectan a solución funcional do proxecto: considerase que a distribución das prazas non e a correcta o que pode supoñer a súa diminución e non se contemple un local para vestuario do persoal nin partida relacionada coa cubrición dos accesos peonís

d) aspectos que afectan ao orzamento do anteproxecto: especialmente que non se contemplan diversos custos que supoñen un aumento de 150.000 € aproximadamente.

e) aspectos que afectan ao calculo do reequilibrio da concesión: o anteproxecto de explotación económica non contempla os posibles sobrecostes nin os custos indirectos.

As citadas observacións foron sometidas a informe do facultativo redactor do anteproxecto de obras de reforma, D: Javier De La Puente Crespo que o emitiu en xuño do 2016 e a informe do enxeñeiro de edificación, D. Aurelio Adán Fernández que o emitiu con data 19 de xullo e que se inclúen a continuación: :

### **INFOME EMITIDO POR D: JAVIER DE LA PUENTE CRESPO**

#### **“1 ANTECEDENTES Y OBJETO**

*O Excmo. Concello de Vigo remitiu a CAPITEL un escrito de SABA APARCAMIENTOS S.A., no que realízanse unha serie de observacións referidas a documentación realizada referente ao seguinte expediente:*

*EXPEDIENTE: 618/449*

*ASUNTO: Anteproxecto de explotación económica e Anteproxecto de obras de Reforma do aparcamento subterráneo da Porta do Sol*

*SITUACIÓN: Inmediacións da rúa Policarpo Sanz e a Praza Porta do Sol.*

*Referida ao Expediente de Información pública do Anteproxecto de explotación económica e do Anteproxecto de obras de Reforma do aparcamento subterráneo da Porta del Sol en Vigo, Pontevedra.*

*A vista de dito escrito foi solicitado que se realicen os comentarios referentes as observacións técnicas incluídas en dito escrito.*

*Contestación notificación aparcamento subterráneo Porta do Sol SABA Aparcamientos*

#### **2 CUESTIONS PLANTEXADAS NO ESCRITO**

##### **2.1 Referidas a Normativa**

*→ En referencia ao límite normativo de 35 m nos percorridos de evacuación, o DB SI 3 na táboa 3.1 establece que ao haber dúas saídas de emerxencia por planta, o límite e de*

50m.A instalación dun sistema de extinción automático solo e esixible nos aparcamentos robotizados

## **2.2 Referidas a la solución funcional do proxecto**

→ Non foi previsto vestuario para o persoal x que segundo o RD 486/1997, de 14 de abril polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, os vestuarios son necesarios cando os traballadores deban levar roupa especial de traballo. No dispónse de información sobre a futura uniformidade dos empregados de la hipotética concesionaria, non obstante dispónse de espacio suficiente para implantalo si se decidise.

→ No foi plantexada a cubrición dos accesos peonís , pero poderían deseñarse de acordo con o seu entorno, as limitacións da zoa de protección na que se encontra enclavado o aparcamento, si así se decidise no Proxecto de Execución.

## **2.3 Referidas ao presuposto do anteprojecto**

→ Nas partidas 1.7.1 e 1.7.2 do presuposto do Anteprojecto se contemplan os custes derivados das obras necesarias para construír ambas escaleiras.

→No referente a os custes derivados da execución de cristal e aceiro inoxidable do ascensor, na partida 1.6.1 se incluíu a obra civil necesaria para a instalación do novo elevador.

↗ Se inclúen as labores completas de impermeabilización tanto na partida de cegado da escaleira como na apertura dos novos ocos.

## **INFORME EMITIDO POR D. AURELIO ADÁN FERNÁNDEZ**

**“ANTECEDENTES:**O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, na sesión celebrada o 31 de marzo de 1970, adxudicou a construción e explotación en réxime de concesión administrativa do aparcamento subterráneo de vehículos sito na Porta do Sol ( na citada data praza de Capitan Carrero) a “ESTACIONAMENTOS GALLEGOS, S.A” (EGASA).Con posterioridade existen varios acordos plenarios, correspondentes a actividade propia da sociedades, así como cambio de nome a actual “ Interparking Hispania S.A.”. Tendo en conta que de conformidade co disposto no acordo de adxudicación da concesión de data 31 de marzo de 1970, esta finaliza o 31 de marzo de 2015 data ratificada polo Acordo Plenario de data 3 de marzo de 1995.

Por resolución de comisión de goberno de data 27/03/2015, acordouse, prorrogar a concesión administrativa de aparcadoiro soterrado para vehiculos a concesionaria “ Interparking Hispania S.A.”, ata que o novo contratista se faga cargo do servizo, que en ningun caso poderá exceder de seis meses finalizando en todo caso o 30 de setembro de 2015.

Con data 27/05/2015, aprobouse o contrato menor para a redación dun anteprojecto das obras de modernización do aparcamento publico da Porta do Sol, a favor de Francisco Javier De La Puente Crespo.baixo expediente 690/449

Con data de 20/07/2015, presentou o documento inicial do Anteprojecto de obras de reforma de aparcadoiro soterrado na Porta do Sol, O mesmo despois de axustes foi

*presentado o documento definitivo datado en novembro de 2015, o mesmo efectuaronse informe técnicos de datas 05/08/2015 y posterior aclaración de data 03/03/2015.*

*Con data de 22/04/2016 a Xunta de Goberno Local, acorda a aprobación do anteproxecto da explotación económica suscrito por " HORWATH PLM AUDITORES SLP" e o "ANTEPROXECTO DE OBRAS DE REFORMA DO APARCAMENTO SUBTERRANEO EN PUERTA DEL SOL" elaborado por Javier de la Puente Crespo*

#### INFORME:

Vista a alegación presentada por Manuel Miranda Fernandez-Vila, en representación de Saba Aparcamientos, dende o aspecto que corresponde a parte do anteproxecto cabe manifestar os seguintes extremos.

No que corresponde a o apartado segundo " ASPECTOS QUE AFECTAN A LA NORMATIVA" de ditas alegacións,ponse de manifesto que no que respecto a ordenamento urbanístico, e de aplicación neste momento o PXOU/93, o mesmo xa se fai referencia no informe por min efectuado en data 03/03/2016, no que se indica que dende o aspecto urbanístico non existe inconveniente na actuación que se pretende, e por suposto a proposta que se presente deberá de adecuarse a ordenación que este vixente, neste momento o PXOU/93, a el deberán de adecuarse todos os elementos que se presenten.

No tocante a o indicado no paragrafo 2º, deste mesmo apartado, facer constar que como xa indica o alegante " esta al límite del cumplimiento normativo de 35 mts", como xa reconece o propio autor esta o limite e polo tanto non sobrepasa, polo que o aspecto de extinción automática que recolle a norma R.D.314/2006, no documento básico DB SI, Sección SI-3, aplicación taboa 3,1, determina que poderá incrementarse un 25% o percorrido de evacuación, si existe unha instalación automática de extinción. No documento técnico que foi aprobado non se prevee esta situación e polo tanto no e necesario dotarlo de dita instalación. Non obstante si o alegante o considera importante poderá na proposta que presente recoller tal posibilidade e a tal fin propolo.

No que corresponde co apartado terceiro das alegación " ASPECTOS QUE AFECTAS A LOS TRABAJOS PREVIOS DE LA PROPIA EJECUCIÓN DE LA OBRA". Faise constar que o documento técnico de obras e a nivel de anteproxecto, e como tal non e posible que teña a definición dun proxecto nin básico nin de execución, e o mesmo disporá da documentación que se reflexa no art. 122 da ley 1098/2001, e disporá de memoria descriptiva, planos de situación xerais e de conxunto que determinen os aspectos esenciaes, presupuesto con medicions valoradas, y se o caso estudio relativo a posible descomposición en proxectos parciais.

Decir que no aspecto valorativo xa que prevee o apartado de gastos xerais, que por suposto deben de abarcar os aspecto que sexan necesarios para levar a cabo as obras a executar unha vez efectuado o proxecto constructivo, neste ultimo deberá de especificar os aspectos necesarios para a súa execución como o caso que se indica estudio arqueolóxico ( que pode ser un simple estudio ou a necesidade dun simple control ou proxecto), aspecto este

que deberá de determinar a Consellería competente na materia, e que por suposto deberá de estar contemplado nese proxecto de obra.

No que respecto a o levantamento topografico, volvo a reiteralo aspecto de anteproxecto, que consta no expediente, e que por suposto e necesario na fase de proxecto de execución. Como documento de comprobación.

No que corresponde a costes asociados a que se fai referencia, son costes que en ningún momento deben de asociarse a o anteproxecto, xa que este un estudio inicial que consta con aspectos de gastos xerais e beneficio.

En canto a o apartado cuarto “ ASPECTOS QUE AFECTAN A LA SOLUCIÓN FUNCIONAL DE PROYECTO”, Nos aspectos constructivos basease en unha opción de posible distribución de espazos no seu interior, que por suposto en todos los aspectos poden ser mellorados polas propostas que presenten, tanto no aspecto de mellorar a o anteproxecto, como plantexar melloras no aspecto de accesos, que poden resultar aceptables por integrarse no entorno o pola contra, ser totalmento inadecuadas.

No que corresponde a o apartado quinto “ ASPECTOS QUE AFECTAN AL PRESUPUESTO DEL ANTEPROXECTO”, como xa se manifestou nos aspectos anteriores o documento técnico e a nivel de anteproxecto, o cal conta de unidades de obra diferenciadas, que recollen as unidades necesarias para o desenvolvemento das obras necesarias para a poste en funcionamento da actividade de aparcamento, nos aspectos que se sinalan en dito apartado, como son:

Custes de obras para construción das escaleiras, estan reflexadas no capítulo 1, partidas 1.7.1, 1.7.2 , 1.7.3 y 1.8.1.

Custe de execución de accesorios de ascensor, estan recollidos na partida 1.6.1 como unidade de ascensor y elementos auxiliares.

Custe de execución de patios de ventilación, non se preveen no proxecto novos patios, sinon que se plantexa a utilización dos existentes, si pola contra o alegante na súa proposta preveese tal situación deberá tomar en consideración os mesmos ( si e posible a súa execución asi como a súa valoración).

En canto a impermeabilización das cubertas, non se prevee xa a que cuberta e un espazo público que xa onsta de impermeabilización.

No que corresponde a os equipos de sistema de control y acceso, non son unha obra de construción como tampouco o mobiliario que correspona para o funcionamento.

En canto a os costes indirectos, en cada partida aínda que no se aportan descompostos por ser un documento a nivel de anteproxecto, no desenvolvemento do proxecto de obra ou execución deberá de constar nos seus descompostos os costes indirectos que correspondan a cada unha das unidades de obra. E no aspecto de custos de autorizacións, dirección das obras etc. no son obxecto de un capítulo aparte, xa que todos eles se plantexan no concepto de gastos xerais. Que por suposto poden ser variables de una empresa a outra. Xa que uns poder dispor de oficina técnica nese aspectos e outros non, y por tanto cada participante na súa proposta debera de cuantificar.”



Por outra banda e conforme ao anterior informe non se aprecia que poida existir un desequilibrio ao menos sustancial na concesión xa que a gran maioría dos custes tanto directos como indirectos xa están contemplados no anteproxecto o incluídos nos gastos xerais.

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local que é o órgano competente en materia de contratación de conformidade co disposto na disposición adicional 2ª do TRLCSP a adopción do seguinte Acordo :

PRIMEIRO: Desestimar as observacións realizadas por D. Manuel Miranda Fernández -Vila en representación da mercantil Saba Aparcamientos S:A. o anteproxecto de explotación económica e de reforma do aparcadoiro sotarrego da Porta do Sol .

SEGUNDO: Aprobar definitivamente o ANTEPROXECTO DE EXPLOTACIÓN ECONÓMICA do aparcadoiro de Porta do Sol elaborado pola empresa “ HORWATH PLM AUDITORES SLP “ e aprobar definitivamente o ANTEPROXECTO DE OBRAS DE REFORMA DO APARCAMENTO SUBTERRANEO EN PORTA DO SOL elaborado por D.Javier de la Puente Crespo, enxeñeiro industrial, por un importe de 1.446.568,54 € ( I.V.E. Engadido ) e un prazo de execución de cinco meses

Notifíquese o presente Acordo a mercantil Saba Aparcamientos S:A., aos efectos oportunos .”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

Me/rs

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.